



# OS PERIGOS DE

# INTERNET

UN TEBEO  
PARA LER EN  
**FAMILIA!**

ESCRITO POR GEMMA SESAR \* DEBUXOS DE RAMÓN MARCOS \* COR DE JORGE CASTELLI

XURXO,  
A CEA ESTÁ  
NA...

PERO...  
QUE É O  
QUE ESTÁS  
A FACER?!

A AMEAZA PODE  
CHEGAR À TUA CASA  
A TRAVÉS DE

**INTERNET!**

**H**ai anos que temos asumida a convivencia normal con Internet. No eido familiar e laboral a Rede de Redes descobre un mundo e información noutrora nunca visto. É a universalidade da cultura que chega a nós cunha simplicidade que non deixa de sorprendernos. A tecnoloxía avanza a ritmo frenético, non só os dispositivos resultan cada vez máis lixeiros e portátiles, senón que levamos literalmente no peto as redes sociais e xunto a elas gardamos nosos sinais de identidade, inxentes datos persoais e contactos dun sinfín de persoas achegadas e outras non tanto. Por moitas bondades e potencialidades que nos ofrezan, Internet e todas as aplicacións derivadas da Rede, agocha riscos e perigos que de non ser enfrontados poden chegar a perturbar a nosa vida familiar, escolar e social.

Desde hai tempo, as institucións públicas mantemos abertas liñas de actuacións encamiñadas a concienciar aos máis novos no uso responsable de todas esas novas tecnoloxías. Sirva como exemplo a elaboración por parte do Valedor do Pobo do primeiro estudo sobre os hábitos que os adolescentes galegos asumen na súa relación coa rede elaborado o pasado ano 2011. O traballo xustificou dalgún modo a preocupación que existe hoxe en día respecto dalgúns comportamentos. Como datos a destacar comprobouse que o 53% dos rapaces navegaban sen control ningún dos seus pais e que no 80% dos casos nunca discutiran con eles por mor do seu uso de Internet. Os investigadores galegos recalaron xa nese momento a necesidade de levar a cabo unha detección precoz de casos de risco, ao mesmo tempo que consideraban preciso incidir en políticas de prevención axeitadas.

Preocupa en especial a importante fenda xeneracional apreciada nesas investigacións entre pais e nais e os seus fillos e fillas. Moitas veces o descoñecemento das ferramentas dixitais por parte dos proxenitores incide na ausencia de vixilancia. Este é un dos argumentos centrais da historieta que recollen as páxinas que seguen e que pretende facer pedagogía para garantir un uso saudable e alonxado de perigos innecesarios. Como problemas de fondo trata a difusión indiscriminada de imaxes persoais sen autorización, a desprotección da intimidade dos menores, os comportamentos casi adictivos ás redes sociais e a importancia destas nas relacións entre a poboación adolescente e como elemento perturbador da convivencia familiar.

Unha vez máis tratamos de achegarnos aos máis novos cunha linguaxe que lles resulte familiar e, neste caso, cun formato, o do cómic, de lectura áxil, e como non podía ser doutro modo, cunha mensaxe final a ter moi presente. Para levar a cabo este proxecto o Valedor do Pobo e a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, colaboramos como mostra da nosa permanente sensibilidade ante estas cuestións tan de actualidade.

José Julio Fernández Rodríguez  
Valedor do Pobo

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

UNHA PRODUCCIÓN DE  **El Patito Editorial** PARA

 **Valedor  
do Pobo**  
Galicia

 **XUNTA  
DE GALICIA**

Primeira edición: 2013


© 2013 Gemma Sesar, polos textos | © 2013 Ramón Marcos, polas ilustracións | © 2013 El Patito Editorial. Reservados todos os dereitos

**El Patito Editorial** | Santiago de Compostela | [info@elpatitoeditorial.com](mailto:info@elpatitoeditorial.com) | [www.elpatitoeditorial.com](http://www.elpatitoeditorial.com)

Editora Gemma Sesar | Revisión de textos Isabel Soto | Deseño gráfico Fausto Deseño Asociados

Imprime Monterreina | Depósito legal C 1511-2013






















**Xaime 17**

Ola! K guapa saes na foto do perfil! :-)  
Véxot no insti pero non me atrevía a falart  
Por aquí é máis fácil

Ola! Q tal?

Enviar

**Chio**  
@xulioSL10  
@francarra @santramos @spiderman4 @robertsan2 Festa o venres, ás nove, detrás do polideportivo. Eu levo algo de bebida, vós as tías, hahahahaha.  
21.15 PM. 14 xuño 13

DEIXACHES O TELÉFONO NO BAÑO. ATA PARA IR AO VÁTER TES QUE LEVALO, NON VAIA SER QUE TE CHAME ALGUÉN. É HORA DE CEAR.

O VENRES ACABO OS EXAMES. PODO SAÍR POLA NOITE?

COMO SAÍR? ATA A SEMANA QUE VEN NON CHE DARÁN AS NOTAS E NON SABEMOS SE APROBACHES OU NON.

SAÍRONME BEN OS EXAMES, E A TODOS OS MEUS AMIGOS LLES DEIXAN ATA AS TRES DA MAÑÁ. É FIN DE CURSO.

COMO ATA AS TRES, SE SO TES 17 ANOS?

EU PODO IR DURMIR Á CASA DE SARA?

XA O PENSAREMOS, AGORA A CEAR.





É SIMPATIQUÍSIMO. TEN 17 E SEMPRE ME CHAMA PRINCESA.

MANDOICHE FOTOS? AMOSAMAS!



TENOAS AQUÍ. EU MANDEILLE AS QUE FIXEMOS NA EXCURSION DE SEMANA SANTA, PERO PEDIUME QUE LLE MANDE LINHA EN BIKINI. NON SEI...

MÁNDALLAS, NON SEXAS PARVA.




QUE TAL A FESTA O VENRES? DEIXARÍASLE A CASA LIMPA AO TELI AMIGO, NON SI?

SI, SI, MOI LIMPA. MARCHO, QUE TENO PARTIDO.


E EU VOLU Á PISCINA.



**Chío**  
@spiderman4  
q a festa era na casa de Xulio. Se sabe a q montamos, mátame.  
11.10 AM. 22 xuño 13



QUITA A COLETA QUE ESTARÁS MÁIS GUAPA.



NESTA SAES SUPERGUAPA. MÁNDALLA.



ENVIAMOS TODAS POR WHATSAPP E ESCOLLO NA CASA.


TENO QUE MAR-CHAR, QUE HOXE COMEMOS COS MELIS AVÓS.





PÓDESME DAR A CLAVE DO WIFI?

QUE QUERE A NENA?



QUERES DEIXAR ISO E DICIRLLE AO CAMAREIRO QUE VAS COMER... QUE RAPAZ!



ESTIVECHES MOI CALADO TODA A COMIDA. QUE TÉS? É COUSA DE RAPAAS?

NON AVÓ, NON PASA NADA. ESTOU CANSO DO PARTIDO.



HOXE VÉXOTE MOI CONTENTA!!! PASÁCHELO BEN NA PISCINA?

MOI BEN!



Xaime 17  
Encántanme, pero podías mandarme algunhas sen nada. Seguro k estás guapísima!!

7










**Xaime 17**

Quero que nos vexamos o sábado nun hotel. Non teño 17 anos, senón algún máis. Gustáronme moito as fotos e quero ver máis. Se non vés, cólgoas aquí publicamente.



E AGORA QUE VOU FACER? IMAXINA QUE AS VEN OS MEUS PAIS...

XA, TÍA.



PÁSACHE ALGO? LEVAS LINS DÍAS MOI RAROS. SUSPENDICHES?






NON, AÍNDA NON NOS DERON NINGUNHA NOTA.




«Se non vés, cólgoas aquí publicamente.»


















AQUÍ CREO QUE PODE QUEDAR MOI BEN.


SI, ASÍ O TEU PAÍ E MÁIS EU PODEMOS VER O QUE FACEDES.

POREIVOS LINS FILTROS COMO ME DIXO O POLICÍA PARA MAIOR SEGURIDADE.


E TAMÉN O SISTEMA PARA AUTORIZAR INTERNET A OUTROS APARELLOS, ASÍ NON TEREDÉS CONEXIÓN A NON SER QUE NOLA PIDADES.

QUITA DE AÍ, VOLVOS ABRIR LINHA CONTA NO FACEBOOK E FAREIVOS OS MEUS AMIGOS PARA QUE PÓIDADES VER TODO O QUE FAGO.

PAPÁ, QUE NOME DE USUARIO TE PONO?



NON SEI, QUE TENO QUE PONER? O MEU NOME OU UN QUE ME GUSTE?



MELLOR O TEU NOME, PAPÁ, E ASÍ É MÁIS FÁCIL QUE TE BUSQUEN OS TEUS AMIGOS.



MAMÁ, DESPOIS XA CHE ABRO EU A TI LINHA CONTA EN TWITTER E ASÍ PODES ESCRIBIRME MENSAJES.





